

28 de Setembro 2013

# Festival Narón



## 1º Festival Agro-folk do Val

Lugar de Vilacornelle (tras a cooperativa do Val)

Actividades a partir das 11h

Concurso de Cestas do Agro | Sesión Vermú | Xogos Populares  
Agro Olimpiadas | Actividades para Nenas/os | Curso de Construción  
de Palletas | Curso de Reglaxe de Zansona | Mercadiño Artesán

Musica a faltar a partir das 21h

Banda de Gaitas do Padroado de Cultura de Narón  
Charanga Vai Rañala Meu!

Os Cempés  
Alén de Ancos  
Chiculate

Organiza



VAI RAÑALA

Colabora



CONCELLERÍA DE TURISMO  
CONCELLERÍA DE FESTAS, FEIRAS E MERCADOS  
CONCELLERÍA DE ENSINO E BIBLIOTECAS



28 de Setembro 2013

# FestivAl

Narón



## Presentación

A Asociación Cultural "Vai Rañala Meu!" e a Asociación Cultural e Recreativa de Mulleres "Zarabanda" do Val, entrán en contacto durante a realización da actividade, organizada pola segunda, "Recreación das Lendas da Pena Molexa 2011", promovida polo Padroado da Cultura do Concello de Narón, que levará á primeira a participar como grupo convidado no programa de 2012.

Froito desta relación, comezan conversas para realizar unha actividade en común, que finalmente xermola creando o proxecto:

### **"Iº Festival AgroFolk do Val"**

O Festival nace da unificación dos intereses de ámbalas dúas entidades pola protección e difusión da cultura galega dentro do seu entorno rural, onde os recursos culturais son más escasos, e voltanto esta cultura ao seu entorno primixenio, xa que non se debe esquecer que a cultura etnomusical galega provén na súa meirande parte da zona rural.

Asemade, ámbalas dúas asociacións cremos na potenciación do mundo rural e dos seus recursos endóxenos, sen que sexa imprescindible para elo, a importación de modelos alleos de difusión cultural.

O Iº Festival Agro-Folk do Val, pretende ante todo ser un proxecto didáctico, non só nos eidos adicados á comunidade escolar, se non na súa totalidade, na cooperación entre entidades, na valorización do noso patrimonio cultural e na xestión de recursos.

Para máis información e inscrición aos cursos:  
[danicanovas@yahoo.es](mailto:danicanovas@yahoo.es) / 616 421 882



# PROGRAMA

## Venres 27 de Setembro

10:00 - 13:00h

- Itinerario Didáctico para escolares:

- Luthier de Zanfonas.
- Luthier de Gaitas.
- Luthier de Percusión tradicional.
- Micro-exposición de traxe tradicional.
- Mini-obradoiro de Baile agarrado.
- Mini-obradoiro de Construcción de gaita de cana.
- Mini-concerto didáctico.

17:00 - 21:00h

- Curso de Construcción de Palletas

## Sábado 28 de Setembro

10:00h - 14:00h

- Cursos de Reglaxe de Zanfona e Construcción de Palletas

11:00h - 20:00h

- Mercadiño Artesán

11:00h

- Entrega de Cestas do Agro para o concurso

12:30h - 14:00h

- Sesión Vermú: Vai Rañala Meu!

13:00 - 15:00h

- Xantar Popular

16:00h - 20:00h

- Cursos de Reglaxe de Zanfona e Construcción de Palletas

16:00h - 18:30h

- Agro Olimpiadas

18:30h

- Entrega de Trofeos das Agro Olimpiadas e Cestas do Agro

21:00h

- Actuación dos grupos de Música e Danza do Padroado de Cultura do Concello de Narón

22:00h

- FestiVal Agrofolk

- Os Cempés

- Alén de Ancos

- Chiculate

## Domingo 29 de Setembro

10:00h - 20:00h

- Curso de Construcción de Palletas

28 de Setembro 2013

# Festival Narón



## Música a fartar!



Banda de gaitas do Padroado de Cultura de Narón



Charanga  
Vai Rañala Meu!



## Os Cempés

Os Cempés, o mítico grupo paratradicional de Ferrolterra, a piques de cumplir vinte anos de xiras por Galicia, Portugal, España, Francia, Noruega ou Inglaterra reaparece despois de catro anos de descanso con nova formación e novo disco: Tentemozo.

O repertorio é unha selección de músicas para bailar, as más fermosas coplas e as mellores melodías do cancioneiro popular, arranxadas polo propio grupo agás novas composicións.

Centos de concertos, seis CD's publicados (dous de eles ao vivo), son a bagaxe desta banda que presume de fazer bailar e cantar ao público dende o primeiro ao último tema dos seus concertos.



## Alén de Ancos

Alén de Ancos é un grupo ferrolán nado no 2007, aínda que os seus componentes levan anos dedicándose á música folk e tradicional galega. Ademais desta grande influencia que é a música coa que foron crecendo, no seu son ten un gran peso a achega do folk Irlandés, así como da música característica doutras rexións como Asturias ou Escocia. Con esta fusión atrévenselo mesmo a versionar cancións afastadas deses estilos, que a pesar de ser sobradamente coñecidas refrescanse ao pasar polo mundo folk. Aínda que debemos resaltar un amplio repertorio de composición propia.

## Chiculate

Comeza o seu percorrido polo panorama musical en Novembro de 1998, con motivo dunha presentación de grupos noveis en Ferrol. Nas súas orixes e por razóns de traxectoria daqueles músicos, o grupo mostra un estilo puramente "tradicional", tanto nos temas coma na instrumentación empregada, aínda que xa dende os seus comezos Chiculate trataba de mimar e coidar de forma especial o tratamento das voces. Esta circunstancia será unha constante no estilo e traxectoria do grupo e marcará, sen dúbida, o eixe fundamental do seu traballo musical ata a data.



28 de Setembro 2013

# Festival Narón




## Actividades



### Mercadiño Artesán

Exposición e venda de produtos da comarca de elaboración artesán e segunda man.



### Concurso de Cestas do Agro

Ornamentación de cestas de productos da horta da veciñanza do Val.

#### Premios

- 1º Premio de 150€
- 2º Premio de 100€
- 3º Premio de 50€

O Concurso terá lugar o sábado 28 de setembro, a recollida de cestas terá lugar ás 11h i exporanse ata a entrega de premios, que terá lugar ás 18h



### Agro Olimpiadas

Os xogos constarán de diferentes disciplinas de deporte rural e xogos tradicionais galegos. Os equipos serán mixtos e formaranse por un mínimo de 4 compoñentes en dúas categorías: infantil e adultos.

28 de Setembro 2013

# Festival Narón



## Curso de regraxe de zanfona

### Contidos

- Posición da corda respecto a roda.
- Cantidad e o tipo de algodón.
- Tipos de resina e as irregularidades que aparecen nas rodas.
- Axustes nas espadelas e a importancia do ataque.
- Axuste na tecla firme, problemas de movementos no conxunto do instrumento e corrixir folguras no teclado.
- Fabricar unha espadela e un can.

### Horarios

Sábado 28 de 10h a 14h / 16h a 20h

### Cesar Loureiro Sobral

Comeza a construír zanfonas da man de Antón Corral na escola de artes e oficios do concello de Vigo, no ano 1999. No ano 2008 decide montar o seu propio obradoiro de construcción de instrumentos, adicándose tamén á reparación de todo tipo de inxenios de corda, pianos, chelos, violinos, contrabaixos, guitarras, etc. A curiosidade polo mundo da luthería levouno ademáis a descubrir o arpa celta e a nyckelharpa, instrumento que hoxe en dia tamén fabrica, inda que de forma mais minoritaria. Asúa gran paixón segue a ser a zanfona.



## Curso de construcción de palletas

### Contidos

Preparación das canas, tudel, atado, frenillo, rebaixe, remate e nocións de afinación.

### Desenvolvemento da actividade.

Será individualizado e dicir, cada participante traballará o seu ritmo. A idea é facer alomenos unha vez o proceso completo de construcción.

### Materiais

Os materiais e as ferramentas van engadidos no prezo do curso, agas calibre, segueta de marquetería e navalla.

### Horarios:

Venres 27 de 17h a 21h

Sábado 28 de 10h a 14h / 16h a 20h

Domingo 29 de 10ha 14h / 16h a 20h

### Miguel Mosquera Medín

Na súa familia a música e a cultura tradicional galega sempre estiveron presentes con moita forza a pesar de vivir moitos anos emigrados, é por iso que comeza a interesarse dende neno pola gaita. Con 22 anos comeza a aprendizaxe do instrumento dun modo máis profundo no "Obradoiro de Instrumentos Populares Galegos" da Universidade Popular de Vigo para formarse profesionalmente no que á súa construcción se refire, baixo a dirección de os Mestres Artesáns Antón e Carlos Corral.

E desde o ano 1995 contrúe instrumentos no seu pequeno obradoiro, e investiga o modo de ampliar as posibilidades de estas gaitas.

# Festival Val Narón

28 de Setembro 2013



## Itinerario didáctico para escolares

E unha forma didáctica e lúdica de amosar a cultura e costumes populares da nosa terra aos máis pequenos. Esta viaxe cultural compoñerase dos seguintes elementos.

### COMO SE FAI

#### **Luthiers (3 postos de luthería).**

Explicarase como se constrúen diferentes tipos de instrumentos utilizados na música de raíz tradicional galega como son a gaita, a zanfona e diversos instrumentos de percusión.

### COMO SE VISTE

#### **Vestimenta tradicional.**

Pequena exposición de traxe tradicional galego.

### COMO SE BAILA

#### **Obradoiro de Baile Agarrado.**

Poderán aprender a moverse a ritmo de pasodoble, polka ou mazurca.

### EU FAGO

#### **Obradoiro de Construcción dun instrumento simple.**

Construcción polos asistentes dunha gaita de cana ou de un mirlitón.

### ASÍ SE FESTEXA

#### **Miniconcerto didáctico.**

Remate final onde ver os instrumentos na súa salsa e onde por en práctica o aprendido no obradoiro de baile.